

## **Perspectivas teóricas e institucionais sobre a Literatura Comparada e a noción de Estudos Culturais Comparados\***

Steven Tötösy de Zepetnek

[Recibido, maio 2006; aceptado, setembro 2006]

RESUMO A Literatura Comparada é unha disciplina baixo moita presión e unha demanda continua de autolexitimación. Nos últimos anos, debido a apropiación polos Departamentos de Inglés, de Teoría literaria e outras áreas que a mesma Literatura Comparada promoveu, a disciplina está a sufrir unha opresión tanto intelectual como institucional e unha redución, especialmente nos Estados Unidos e en algúns países europeos. O traballo de Steven Tötösy de Zepetnek volve insistir nalgúns dos argumentos de por qué a disciplina –a pesar da súa tradición enraizada no eurocentrismo– segue a ser unha aproximación intelectualmente desafiante para o estudo da literatura (e a cultura), especialmente cando se combina co pensamento e os enfoques dos Estudos Culturais. Para ilustrar a súa argumentación, Tötösy describe brevemente a desaparición do primeiro e máis experimentado Departamento de Literatura Comparada en Canadá, na Universidade de Alberta. Engade á súa descrición dos acontecementos un elenco de dez apartados dedicados aos “Estudos Culturais Comparados”. Define os Estudos Culturais Comparados como un campo de estudo no que principios selectos da Literatura Comparada se funden con principios selectos dos Estudos Culturais, implicando que o estudo da cultura e dos produtos culturais –incluíndo pero non exclusivamente a literatura, a comunicación, os medios de comunicación, a arte, etc.– é executado nunha construción contextual e relacional e cunha pluralidade de métodos e aproximacións, interdisciplinariade e, sempre que sexa útil, traballo en equipo. Nos Estudos Culturais Comparados son os procesos da(s) acción(s) comunicativa(s) na cultura os que constitúen os principais obxectivos de investigación e estudo. Porén, os Estudos Culturais Comparados non exclúen a análise textual propiamente dita ou outros campos tradicionais. Idealmente, nos Estudos Culturais Comparados favorécese o estudo sistémico e empírico da cultura. Áreas como os estudos comparados dos medios de comunicación, estudos de audiencia, cultura popular, cinema e literatura, etc., son tamén campos de investigación lexítimos.

221

---

\* Traducido do inglés por César Domínguez.

ABSTRACT Comparative Literature is an area under constant pressure to justify its existence in the academy. In recent years, it has been appropriated by Departments of English Literature, Literary Theory and other areas to which Comparative Literature was midwife, and it has been subject to both intellectual and institutional pressure, which has given rise to cutbacks, particularly in the United States and some European countries. Steven Tötösy de Zepetnek's article restates some of the reasons why the subject—despite its roots in eurocentrism—still offers a stimulating perspective for the study of literature (and culture), especially when combined with the theory and viewpoint of Cultural Studies. To illustrate his arguments, Tötösy gives a brief account of the closure of the first and most distinguished Department of Comparative Literature in Canada, that of the University of Alberta. He adds to his account of events a list of ten areas which constitute 'Comparative Cultural Studies'. He defines Comparative Cultural Studies as a field of study in which the basic principles of Comparative Literature are combined with the basic principles of Cultural Studies, implying thereby that the study of culture and the products of culture—including, among other areas, literature, communication, art—is carried out in a contextual and relational construct and with a variety of methodologies and approaches, interdisciplinarity and, when necessary, group-work. The processes of communicative action(s) in a cultural context are the main subjects of study and research in Comparative Cultural Studies. However, traditional areas such as textual analysis are not excluded; ideally, Comparative Cultural Studies would promote the systemic and empirical study of culture. Comparative media studies, audience research, popular culture, film and literature would also be legitimate fields of research.

O propósito e obxectivo deste traballo é presentar algunhas perspectivas específicas sobre a situación actual da Literatura Comparada nun contexto teórico e institucional. Ao mesmo tempo, a miña discusión da situación intelectual e institucional actual da disciplina encádrase no contexto das Humanidades en xeral. É isto porque a miña discusión sobre a Literatura Comparada é aplicábel por diferentes razóns á situación actual das Humanidades no seu conxunto. Gustaríame salientar que varios aspectos da discusión que aquí ofrezco son ideas presentadas xa baixo outras versións (incluído un manifesto de diversos puntos para a Literatura Comparada e os Estudos Culturais Comparados) no meu *Comparative Literature: Theory, Method, Application* e en "From Comparative Literature Today toward Comparative Cultural Studies", unha versión actualizada do mesmo traballo, publicado primeiro en formato electrónico en <<http://clcwebjournal.lib.purdue.edu/clcweb99-3/totosy99.html>>. Nestes traballos, discuto aspectos tales como a situación actual da Literatura Comparada en todo o mundo, incluíndo

probas de que a Literatura Comparada é un campo que está a avanzar en moitas partes do mundo mentres que retrocede nos seus centros tradicionais en Europa e en Norte América, a cuestión da importancia da relevancia social da investigación literaria, etc. O que estou a presentar agora é, por tanto, unha ampliación das mesmas ideas que xa anticipei, incluíndo exemplos pertinentes da situación da Literatura Comparada como disciplina académica. Comezo cunha discusión do contido intelectual da disciplina e coa miña insistencia en teorías e metodoloxías explícitas cando se traballa no estudo da literatura e da cultura.

George Steiner, un investigador responsábel de textos fundamentais en Literatura Comparada e nas Humanidades en xeral, presentou con ocasión da súa lección inaugural como Profesor Lord Widenfeld de Literatura Europea Comparada na Universidade de Oxford en 1994 un traballo titulado “What is Comparative Literature?” (publicado posteriormente en formato de libro). Primeiro, Steiner describe como “cada acto de recepción dunha forma significativa, na linguaxe, na arte, na música, é comparativa” (1) e argumenta que “desde os seus inicios os estudos literarios e as artes de interpretación foron comparativas” (3). En consecuencia, Steiner nega a condición da Literatura Comparada como unha disciplina independente e funcional. Susan Bassnett suxire en *Comparative Literature: An Introduction*, de 1993, que a Literatura Comparada está morta (47) e máis recentemente Gayatri Chakravorty Spivak titula o seu libro de 2003 sobre a Literatura Comparada –unha recompilación de ensaios lidos con ocasión das Conferencias Wellek 2000 en Teoría Crítica– *The Death of a Discipline* (é dicir, a morte da Literatura Comparada; sobre Spivak, véxase tamén Virk). Temos aquí tres exemplos de investigadores de primeira liña que publican estudos sobre a Literatura Comparada que son obxecto dun elevado nivel de citacións por outros autores. As súas suxestións indican un abano de problemas dos que me ocuparei aquí. Os comparatistas por suposto, pero tamén os investigadores en literatura e teoría literaria en xeral son conscientes da curiosa historia da Literatura Comparada, na que, con intervalos de dez anos desde finais do século XIX, publícanse traballos e celébranse congresos dedicados ás definicións e significados de, as razóns e xustificacións de, os problemas de, etc., incluída a supervivencia da disciplina (véxase, por exemplo, o amplo número destas publicacións na miña bibliografía en <<http://clwebjournal.lib.purdue.edu/library/clitbib2-99.html>>). Teño que apresurarme a dicir que baixo o meu punto de vista investigadores como Bassnett e Spivak cometen un grave erro ao suxerir que a Literatura

Comparada está “morta”. Por máis que teñen dereito de achegar novas ideas e nocións para revivir e alterar os parámetros intelectuais da disciplina, isto debe facerse dun xeito que ningunha autoridade universitaria que desexe suprimir outro departamento para aforrar diñeiro poida sinalar o argumento de Bassnett ou o título do libro de Spivak para xustificar a eliminación ou o recorte do financiamento da Literatura Comparada. Como pretendo argumentar aquí, hai outras formas de manter os logros da Literatura Comparada. E isto é, baixo a miña perspectiva, o máis importante, porque o destino da Literatura Comparada está estreitamente vencellado ao destino das Humanidades no seu conxunto. Gustaríame sinalar así mesmo que o libro de Spivak inclúe moitas, senón todas, as miñas suxestións e nocións para revivir e facer Literatura Comparada. Pero o problema é o carácter falaz e agresivo do seu título.

No seu traballo, Steiner afirma que

considero que a Literatura Comparada é, no mellor dos casos, unha arte exacta e rigorosa de lectura, un estilo de escoitar actos orais e escritos de linguaxe que privilexia certos compoñentes destes actos. Tales compoñentes non son descoidados por outras formas de estudo literario, pero son, na Literatura Comparada, privilexiados (9).

224

Aquí Steiner fai referencia a esa forma tradicional e establecida da Literatura Comparada na que o coñecemento das linguas estranxeiras é un factor esencial. Así Steiner perfila tres áreas específicas que son esenciais da disciplina baixo o seu punto de vista:

1) “Persegue esclarecer a esencia, o núcleo autónomo do ‘sentido do mundo’ histórico e presente (o *Weltsinn* de Husserl) na linguaxe e clarificar, até onde sexa posíbel, as condicións, as estratexias, os límites da comprensión recíproca e dos malos entendidos entre as linguas. En resumo, a Literatura Comparada é a arte da comprensión centrada na eventualidade e nos fracasos da tradución” (10).

2) A “primacía do problema da tradución na Literatura Comparada está relacionada directamente co que eu considero o segundo foco de atención” (11), e

3) “Os Estudos Temáticos constitúen o terceiro ‘centro de gravidade’ da Literatura Comparada” (13).

Segundo a miña interpretación das súas propostas, Steiner vincúlalas claramente co coñecemento de linguas estranxeiras, o que non presenta ningún problema. Porén, por máis que coincido con el en que este coñecemento é un aspecto esencial e básico da disciplina, atopo o conxunto das súas propostas deficiente, por dicilo dalgún xeito. Xa que, polo que sabemos, o coñecemento de linguas estranxeiras non é necesariamente un privilexio dos comparatistas, é dicir, hai moitos investigadores en estudos literarios nos Departamentos de Inglés ou en Departamentos doutras linguas nacionais que falan e traballan con outras linguas. Na miña opinión, o trazo distintivo da Literatura Comparada é, ou debería ser, o coñecemento das linguas estranxeiras cunha ideoloxía integradora propia da disciplina, vencellada a unha metodoloxía precisa. Steiner non menciona nin explícita nin implicitamente a metodoloxía na súa argumentación. O moi (e aínda) discutido volume de Charles Bernheimer *Comparative Literature in the Age of Multiculturalism* presenta unha situación semellante. Mentres que a maioría dos colaboradores do volume discuten a favor dunha ideoloxía política da integración, en cambio tampouco non mencionan a metodoloxía. Mesmo a cuestión da metodoloxía non aparece na maioría dos manuais ou traballos de Literatura Comparada en xeral. Quizais isto obedece a que a Literatura Comparada, sexa entendida como a tradución de literaturas e culturas (como nunha tradución conceptual e ideolóxica ou/e como tradución *per se*) ou como a ideoloxía e práctica integradoras a través das culturas, é considerada unha metodoloxía en si mesma. Aínda que acepto isto como un argumento ancorado na historia da disciplina e como un trazo esencial neste mesmo contexto histórico, propoño que non é suficiente para xustificar ou “facen funcionar” a disciplina hoxe. E o feito de que o enfoque mencionado non é suficiente para convencer os investigadores é evidente en múltiples traballos, como, por exemplo, o artigo de 1996 titulado “Why Comparisons Are Odious”, do editor de *Critical Inquiry*, W.J.T. Mitchell, na súa resposta ao número monográfico de 1995 de *World Literature Today*, *Comparative Literature: States of the Art*.

O ensaio de Steiner sobre Literatura Comparada –un investigador de prestixio internacional cuxo traballo é sen dúbida influente– pon de manifesto unha certa regresión, malia que en xeral se atopa en sintonía cos colaboradores do volume de Bernheimer. Unha vez máis, o que segue sen aparecer para min é a cuestión do método. Curiosamente –volvendo atrás no tempo– un dos máis destacados investigadores en Literatura Comparada, Hugo Dyerinck, xunto con Manfred Fischer, situou a Literatura Comparada –unha década

antes, en 1985– en dúas áreas principais: “1. Unha historia comparada da literatura, que implicase as relacións mutuas, así como as semellenzas e diferenzas, entre literaturas individuais”, e “2. Unha teoría e metodoloxía comparada da literatura, que abordase as teorías literarias desenvolvidas en cada país (ou área lingüística) e os seus correspondentes métodos de crítica literaria” (xvii). A segunda área de Dyserinck, polo menos en principio, prescribe para a disciplina a cuestión metodolóxica, pero este interese parece baterse en retirada na maioría dos manuais (de grao e posgrao) de Literatura Comparada (para unha selección dos volumes máis coñecidos, principalmente en inglés, véxase <http://clcwebjournal.lib.purdue.edu/library/booklist.html>). Gustaríame mencionar, con todo, que a argumentación de Steiner inclúe unha área que se corresponde tanto coa primeira área de Dyserinck (a historia literaria) como coa proposta de Bassnett que, segundo a opinión desta autora, pode salvar a disciplina, como é o estudo da tradución. Na proposta de Steiner isto obsérvase na “diseminación e recepción das obras literarias ao longo do tempo e do espazo” (11), que se concreta máis adiante no estudo de “Quen le, quen podería ler que e cando?” (12). De feito, atopo esta área de investigación prometedora e defínoa como o campo da “socioloxía e historia da lectura e dos lectores” (véxase Tötösy, “Introduction”, “Readership”). Porén, a miña crítica destas obras máis recentes que discuten sobre a Literatura Comparada debe entenderse no seu contexto e debo apresurarme a dicir que hai un bo número de traballos que representan o mellor que aínda está por descubrir (por investigadores e estudantes en Estudos Culturais e Inglés) do que a Literatura Comparada pode ofrecer. Para nomear soamente algúns, pénsese en *The Culture of Literacy*, de Wald Godzich, *The Cultural Analysis of Texts*, de Miko Lehtonen, *Le Phénomène de la littérature*, de Clément Moisan, *Literature and Society: The Function of Literary Sociology in Comparative Literature*, editado por Bart Keunen e Bart Eeckhout, *Grundlagentexte der Vergleichenden Literaturwissenschaft aus drei Jahrhunderten*, de Zoran Konstantinovi e *The Challenge of Comparative Literature*, de Claudio Guillén (este último é, segundo á miña opinión, o texto máis importante sobre Literatura Comparada até o momento). Debo engadir que no ámbito estritamente da Teoría literaria, o mellor traballo –pola súa profundidade e alcance– é *A Theory of the Literary Text*, de Antonio García Berrio.

Unha cuestión máis que creo moi importante desenvolver é o problema dunha tipoloxía da Literatura Comparada. Investigadores como Eva Kushner ou Yves Chevrel chamaron a atención sobre a necesidade dunha tipoloxía da

disciplina nas últimas dúas décadas en diversas ocasións; porén, esa tipoloxía, que eu saiba, non existe. Eu mesmo acabo de comezar a perfilar unha e aquí presento algúns elementos desa tipoloxía en fase de elaboración: a comparación do texto co texto (o “enfoque tradicional”), o enfoque periodolóxico, a literatura inter-comparada (a comparación de diversos textos nunha mesma lingua), o enfoque tematóxico, o enfoque mitolóxico (por exemplo, Northrop Frye), o enfoque da comparación entre xéneros, entre formas do texto (por exemplo, literatura e cinema), entre formas artísticas e o texto (pintura e literatura), etc. O que hai que facer, por suposto, é ordenar o enorme número de publicacións en Literatura Comparada segundo unha clasificación de diferenzas baseadas en tipos, de forma que se estableza unha tipoloxía da disciplina.

No meu libro *Comparative Literature: Theory, Method, Application*, propuxen diversas áreas que representan factores e nocións concretos que fan da Literatura Comparada unha disciplina definida e delimitada. A miña convición sobre o valor intrínseco da Literatura Comparada radica en que a disciplina sufriu/sofre a gran velocidade cambios de concepción –tanto epistemolóxicos como institucionais/administrativos– desde 1990 precisamente como consecuencia das graves dificultades coa/da disciplina. Enumero algunhas: o descubrimento e apropiación da Teoría literaria (un dominio destacado da Literatura Comparada desde os seus inicios) polos Departamentos de Inglés, o eurocentrismo da disciplina, a diminución lenta pero efectiva do coñecemento das linguas estranxeiras, o *status quo* do patriarcado e a refutación (implícita pero tamén explícita) da investigación feminista por moitos investigadores en Literatura Comparada, a actitude, a miúdo de superioridade, dos comparatistas baseada no seu coñecemento de diferentes linguas e culturas (algo bo en si mesmo, pero negativo cando se emprega para suxerir unha competencia máis elevada e relevante) e o problema básico, pero crucial, e tan repetido de “que é a Literatura Comparada?”.

As publicacións sobre as derivas intelectuais no contexto da situación institucional da Literatura Comparada, e de feito das Humanidades en xeral, son escasas ou case inexistentes. Coñezo un libro que discute aspectos de política departamental, cuestións de titularidade, etc., *Academia and the Luster of Capital* (Minneapolis: U of Minnesota P, 1993), de Sande Cohen, mentres que os autores dun bo número de libros e traballos sobre a situación das Humanidades na década dos noventa discuten cuestións meta-teóricas no

mellor dos casos (a miña selección é principalmente de traballos dos Estados Unidos, que, por certo, abordan aspectos dos Estudos Culturais e, rara vez, da Literatura Comparada e son aproveitados en publicacións doutros lugares): véxanse, por exemplo, *The University in Ruins*, de Bill Readings, *The Fortunes of the Humanities: Thoughts for after the Year 2000*, de Sander L. Gilman, *Token Professionals and Master Critics: A Critique of Orthodoxy in Literary Studies*, de James J. Sosnoski, *Confessions of the Critics*, editado por H. Aram Veese, *The Division of Literature or the University in Deconstruction*, de Peggy Kamuf, *The Making of the Modern University: Intellectual Transformation and the Marginalization of Morality*, de Julie A. Reuben, *Professing Literature: An Institutional History*, de Gerald Graff, *The Academic Postmodern and the Rule of Literature: A Report on Half-Knowledge*, de David Simpson, *Professions: Conversations on the Future of Literary and Cultural Studies*, editado por Donald E. Hall, *Impure Acts: The Practical Politics of Cultural Studies*, de Henry Giroux, *Culture and Critique: An Introduction to the Critical Discourses of Cultural Studies*, de Jere Paul Surber, ou *Culture & Text: Discourse and Methodology in Social Research and Cultural Studies*, editado por Alison Lee e Cate Poynton.

228

A continuación, pola simple razón de que –por inusual que pareza– un exemplo “vivo”, aínda que “anecdótico”, pode servírnos na discusión da situación actual da disciplina da Literatura Comparada, presento a “historia” da disolución do Departamento de Literatura Comparada máis antigo e importante en Canadá, na Universidade de Alberta, con formación para graduados e posgraduados. A miña visión sobre o Departamento manifesta algúns dos problemas –intelectuais pero tamén institucionais– da situación da Literatura Comparada, neste caso baseada en experiencia e información persoais, todo o cal, á súa vez, representa unha mostra da precaria situación da disciplina non só na Universidade de Alberta, senón noutras partes e, por extensión, sinala algúns dos problemas que percibo nas Humanidades en xeral. A presentación é un resumo da miña opinión, que expresei en varias ocasións mentres estaba en Alberta e repetín en diversos intercambios de correos electrónicos durante o proceso da supresión do Departamento, rematado en xullo de 2003.

En diversas fases o Departamento de Literatura Comparada da Universidade de Alberta estableceuse como o primeiro departamento desta disciplina en Canadá a principios da década do sesenta cun programa de grao e posgrao. Desde os seus comezos outros departamentos de linguas e literaturas –especialmente o Departamento de Inglés, o segundo máis grande de

Canadá despois do Departamento de Inglés da Universidade de Toronto— percibiron a existencia da Literatura Comparada con cautela e, en consecuencia, dependendo da boa vontade dos decanos e vicepresidentes de investigación, recibiu un financiamento mínimo ou, no mellor dos casos, superior ao habitual. A colaboración oficial con outros departamentos non foi máis aló dunha coexistencia educada e da colaboración ocasional nalgún proxecto. A media do cadro de persoal non superou os sete membros a tempo completo. O Departamento tiña o seu órgano oficial na *Canadian Review of Comparative Literature / Revue Canadienne de Littérature Comparée* desde a súa fundación en 1964 por Milan V. Dimić (en 1989 a revista foi trasladada ao Research Institute for Comparative Literature, do que continúa polo de agora a depender e loita para manter o seu programa de publicacións; para a historia do Instituto, véxase Tötösy <[http://clwebjournal.lib.purdue.edu/library/riclhistory\(1985-99\).html](http://clwebjournal.lib.purdue.edu/library/riclhistory(1985-99).html)>, unha historia interesante e elocuente por si mesma). O Departamento acadou unha traxectoria distinguida, tivo algúns bos pedagogos, investigadores por enriba da media, ideas e proxectos excelentes, os membros do persoal tiñan en xeral unha mente aberta cara á investigación (como todos sabemos, isto non é o normal nas Humanidades) e existía un nivel aceptábel de compañeirismo entre os membros. Os estudantes do Departamento completaban polo xeral as súas titulacións en todos os niveis antes do prazo medio cando se compara con outros departamentos da Universidade de Alberta (a media norteamericana para os anos de doutoramento, despois do Máster, é de sete anos). O Departamento tamén tiña unha excelente posición no *ranking*, o mellor da Facultade de Artes durante moitos anos, ao tempo que sempre tivo un número moi elevado de estudantes de doutoramento que nunca exerceron o que se propuñan facer e acabaron noutros traballos ou abandonando por completo a investigación.

229

Desde o punto de vista negativo, o Departamento era un patriarcado amigábel, tiña dous membros do cadro de persoal sen titulación doutoral (que con todo dirixían traballos de doutoramento), a dirección doutoral mantíñase en niveis mínimos, non posuía ningún sentido de comunidade intelectual, tivo que loitar pola súa supervivencia ao longo de toda a súa existencia, etc. Así, por diversas razóns —intelectuais, económicas, políticas, persoais— a mediados dos noventa o decano de Artes decidiu (despois dunha mínima consulta) fusionar todos os departamentos de linguas e literaturas (Alemán, Románicas, Comparada, Eslavas, pero non Inglés) nun mega-departamento, que leva un par de anos de existencia. Como consecuencia de intensas presións por mem-

bros do antigo Departamento de Literatura Comparada e dos seus estudantes anteriores e actuais, así como por outras razóns, como o feito de que o novo departamento non serviu para aforrar diñeiro á universidade, o mesmo decano decidiu dividir o mega-departamento nun Departamento de Linguas Modernas e Estudos Culturais e un Departamento de Literatura Comparada, Relixión e Estudos de Cinema e Medios de Comunicación. No momento das consultas para os dous novos departamentos en relación coas súas denominacións, suxerín aos colegas de ambos os departamentos e ao comité consultivo externo da fusión evitar a duplicación de campos relacionados e predixen que por razóns obvias os dous novos departamentos non existirían simultaneamente por moito tempo. De feito, recibín un gran número de mensaxes electrónicas de todo o mundo nas que colegas doutros lugares me preguntaban por esa desafortunada combinación de denominacións semellantes en dous departamentos. Incluso, moitos colegas ridiculizaron esa duplicación e supuxeron que debía ser o resultado da política interna. Efectivamente, as denominacións representaban faccións entre os profesores e os estudantes.

230

Co Departamento de Literatura Comparada, Relixión e Estudos de Cinema e Medios de Comunicación logrouse certo financiamento e a posibilidade de rexuvenecemento. Porén, a procura dun novo director non acadou moito interese e os dous candidatos finais e os seus perfís distan de ser abrumadores, como a maioría recoñece. O novo director do Departamento resultou ser un administrador capaz pero o seu perfil non contribuíu a consolidar o perfil do Departamento. Este recibiu tamén financiamento para varios postos docentes, que foron cubertos. En resumo, o Departamento novamente recreado continúa a existir con algún potencial, aínda que limitado, e iso malia ser un dos poucos departamentos e programas de Literatura Comparada do país. É a situación que algúns de nós predicimos sucedeu: por que ter dous departamentos con tarefas e contidos semellantes? O elemento de discordia derivou da negativa dos membros de Literatura Comparada para referendar os Estudos Culturais, mentres que o decano e varios membros doutros departamentos e un par de profesores do Departamento de Literatura Comparada si estaban dispostos. A miña suxestión de crear un Departamento de Literaturas e Estudos Culturais Comparados que incluíse todos os departamentos de linguas e literaturas (tamén o de Inglés) non acadou apoio suficiente.

En 2003 o Departamento de Literatura Comparada, Relixión e Estudos de Cinema e Medios de Comunicación foi disolto. Algúns membros foron

recolocados no Departamento de Inglés, outros no de Historia ou Clásicas e algúns no Departamento de Linguas Modernas e Estudos Culturais. Un núcleo permaneceu nun novo programa (obsérvese, non un departamento, senón un programa) chamado Estudos Interdisciplinares (véxase <<http://www.uofaweb.ualberta.ca/arts/ois.cfm>>). Os estudantes que comezaron o seu traballo en Literatura Comparada puideron completar as súas titulacións, pero aínda está por decidir se coa denominación de Literatura Comparada ou con outra. Máis recentemente (en 2004) e curiosamente, a fusión dalgúns membros do Departamento de Literatura Comparada co Departamento de Inglés resultou na red denominación do Departamento de Inglés en Departamento de Inglés e Estudos de Cinema. Esta nova evolución é sorprendente, xa que fronte aos máis de setenta membros titulares ou con posibilidade de acadar a titularidade do anterior Departamento de Inglés, só tres profesores do anterior Departamento de Literatura Comparada estaban/están vencellados aos estudos de cinema. En consecuencia, segundo a miña lectura da situación, a red denominación debeu ser o resultado dunha ampliación das fronteiras disciplinares do(s) campo(s) da(s) literatura(s) en inglés, así como da política universitaria de “pacificación” dos investigadores que perderon o seu departamento de afiliación.

231

Como mencionei antes, coido que as miñas ideas e propostas para a Literatura Comparada *sui generis* e para o estudo da literatura se encadran mellor nos Estudos Culturais Comparados. Formo parte, entón, daqueles que están a “destruír” a Literatura Comparada? Non estou seguro. É verdade que incluso nos Estados Unidos –onde, institucionalmente falando, a Literatura Comparada acadou o número máis elevado de departamentos e programas en comparación con todos os países do hemisferio occidental: o único país no que agora hai máis departamentos de Literatura Comparada é na República Popular de China– hai crecentes presións fiscais en todos os niveis sobre os departamentos de Literatura Comparada e que soamente existen departamentos “seguros” en moi poucas universidades, tales como Columbia, Harvard, Yale ou Berkeley. Estou comprometido coa Literatura Comparada, pero, tendo en conta as presións institucionais e intelectuais, penso que a mellor saída é optar por unha ampliación da disciplina para manter a súa fortaleza e os seus logros. Isto, creo, é posíbel sempre e cando se produza a inclusión dos Estudos Culturais e se preste atención tanto a unha investigación filolóxica en profundidade como a unha orientación pragmática no contexto das posibilidades de emprego dos graduados. Baixo o meu punto de vista, os Estudos

Culturais están gañando terreo en todas partes e isto é para min razón suficiente para aceptar esta disciplina como unha forza importante, unha disciplina que gañou recoñecemento institucional non só nos Estados Unidos ou noutros países anglo-falantes, senón ao longo do mundo. Porén, a miña suxestión non ten unha aceptación ampla. Diría que por cada investigador que está interesado e coincide cos principios que eu proponho, hai outro –en Literatura Comparada– que os rexeita (coido que, na maioría das ocasións, son os investigadores mozos os que aceptan esta proposta, mentres que os investigadores máis recoñecidos, por diversas razóns, son máis cautos). Este é un exemplo: Tomo Virk, un nomeado investigador europeo en Literatura Comparada da Universidade de Ljubljana, fixo pública a súa opinión no traballo “Comparative Literature versus Comparative Cultural Studies” en *CLCWeb: Comparative Literature and Culture* 5.4 (decembro 2003): <http://clcwebjournal.lib.purdue.edu/clcweb03-4/virk03.html>, e Gvozden Eror, outro nomeado comparatista, da Universidade de Beograd, escribiu no seu ensaio “Qu’est-ce qu’on compare en littérature comparée. L’innovation en tant que désintégration (résumé)” que

232

Dans les années quatre-vingt-dix du XX<sup>e</sup> siècle les Nestors de la littérature comparée américaine ont publié les articles critiques avec des titres très explicites par eux-même: “Once Again: Comparative Literature at the Crossroads” (H. Remak), “From Ecstasy to Agony: the Rise and Fall of Comparative Literature” (U. Weisstein), “The Rape of Literature” (A. Balakian). Ils exprimaient les réactions concernant les domaines “innovés” de la comparaison, c’est à dire le nouveau “modèle” de la littérature comparée, soutenu énergiquement par un certain nombre de comparatistes américains et canadiens issus pour la plupart des nouvelles “générations” d’universitaires. C’est l’année 1993 qui a marqué un tournant dans la littérature comparée au États-Unis, l’année de la publication du “*Bernheimer report to the American Comparative Literature Association*” (publié en 1995 dans *Comparative Literature in the Age of Multiculturalism* sous la direction de C. Benheimer). Il s’agit d’une nouvelle focalisation des approches comparatifs, et en même temps d’un élargissement *in extremis* du domaine de la littérature comparée, qu’on veut connecter étroitement avec les “Cultural Studies”. Dans ces nouvelles approches comparatives la littérature (belles-lettres) n’est plus au premier plan de l’étude, elle est placée au même “niveau” avec les autres “pratiques discursives” et phénomènes culturels. Le nom “comparative literature” se maintient néanmoins comme une coquille terminologique vidée des sens originels, propre à “recouvrir” divers domaines culturels –mais en fin de compte on l’y voit la “literature” supplantée et substituée par la notion même de “culture” (“comparative cultural studies”). Cette tendance peut être le mieux perçue dans la courbe évolutive des textes de Steven Tötösy de Zepetnek. (86)

Unha vez máis, non hai ningunha referencia ao método e Eror, ao tempo que parece ter lido algúns dos meus traballos, semella non tomar en consideración un dos factores máis importantes da miña proposta, a saber, a insistencia nun marco teórico explícito e na metodoloxía. O que reconforta dalgún xeito é que á noción de Estudos Culturais Comparados parece acollerse un bo número de investigadores, se temos en conta as numerosas propostas que recibín para a revista que fundei na Universidade de Alberta e que desde 2000 se publica por Purdue University Press e o auténtico diluvio de libros enviados á colección de Libros en Estudos Culturais Comparados da que son responsable tamén en Purdue <<http://clwebjournal.lib.purdue.edu/ccs-purdue.html>> e <<http://www.thepress.purdue.edu/series/compstudies.asp>>.

Pero, que é o que estou a propor? Esta é a miña breve definición dos Estudos Culturais Comparados: os Estudos Culturais Comparados son un campo de estudo no que principios específicos da disciplina da Literatura Comparada se fusionan con principios específicos do campo dos Estudos Culturais, de xeito que o estudo da cultura e dos produtos culturais –incluíndo, pero non só, a literatura, a comunicación, os medios de comunicación, as artes, etc.– se leva a cabo nunha construción contextual e relacional e cunha pluralidade de métodos e enfoques, inter-disciplinaria, e, cando así se require, incluíndo o traballo en equipo. Nos Estudos Culturais Comparados son os procesos da(s) acción(s) comunicativa(s) na cultura e o como destes procesos os que constitúen os obxectivos principais da investigación e estudo. Nos Estudos Culturais Comparados, idealmente, favorécese as metodoloxías dispoñíbeis no contexto (por exemplo, o estudo sistémico e empírico da cultura).

Debe quedar claro que na miña proposta non pretendo excluír *ningún* marco teórico e/ou metodoloxía útil para o estudo da literatura e da cultura. Pola contra, o que propono é que, con independencia do produto cultural que un investigador analice, o marco teórico e a metodoloxía deben formar parte do traballo. O que quero dicir é que na medida en que o marco sexa explícito e unha metodoloxía explícita sexa descrita e empregada no traballo, este atoparase en principio na dirección correcta. Isto debe entenderse no contexto de dúas clases de traballos que debemos facer nas Humanidades: un é a investigación propiamente dita e outro é o traballo de consumo popular. Estou totalmente en contra da tendencia actual –moi perspicua nas editoriais académicas– segundo a cal un texto de investigación debe ser entendido por calquera clase

de lector, de xeito que o mellor resultado dunha investigación é cando pode ser lida e entendida por todos. Por que, polo contrario, ningún no seu san xuízo suxeriría a un farmacólogo ou a un físico que publicase as súas investigacións de forma que sexan entendidas por todos. Isto conduciría o desenvolvemento do coñecemento a un punto morto. A popularización do que facemos é crucial, pero soamente se se fai en paralelo cunha investigación seria e exhaustiva. Obviamente, a investigación filolóxica xera unha xerga, descrições difíciles de comprender, etc., pero isto forma parte daquilo que a investigación esixe para facer avanzar o coñecemento.

É ben sabido que os Estudos Culturais teñen, entre outras moitas cousas, un carácter ideolóxico e que isto é seriamente criticado, en especial polos comparatistas. A miña resposta a isto é que a Literatura Comparada, por definición, tamén ten un carácter ideolóxico e sempre foi así. Que outra cousa senón ideoloxía é o estudo literario integrador en canto un dos principios básicos da Literatura Comparada, concretamente o feito de que a literatura nacional non debe ser contemplada como unha unidade primaria? Obviamente, sempre e cando este enfoque integrador da disciplina –fronte á primacía das literaturas nacionais– non sexa aplicado en termos eurocentristas. A situación é semellante cos principios da crítica feminista, outro punto doloroso para moitos comparatistas (esta é outra desas visións compartidas por moitos investigadores reputados aínda hoxe). Concibo unha facultade de Humanidades ou un departamento de linguas e literatura(s) deste xeito: as importantes responsabilidades fiscais e sociais esixen hoxe que todas as disciplinas de ensino superior se centren tanto en resultados baseados no coñecemento como en resultados baseados nas súas aplicacións nunha economía globalizada. A cuestión da maior importancia hoxe é a da relevancia social do estudo da literatura (e da cultura) (obsérvese ben, porque normalmente non se entende axeitadamente: non falo da relevancia social da literatura, senón da relevancia social do *estudo* da literatura e da cultura). Falando en termos xerais pero tamén aplicados á disciplina que nos ocupa (o estudo das literaturas e das linguas), todos os campos das Humanidades e das Ciencias Sociais necesitan reavaliar os seus contidos e prácticas, porque en todas partes os gobernos e os que pagan os seus impostos teñen serias dificultades para apoiar un elevado número de profesionais das Humanidades e Ciencias Sociais cando o proceso de educación conduce a dificultades demostradas para os graduados para atopar traballo. Os que se dedican a calquera campo das Humanidades deben decatarse de que son hoxe un “artigo de luxo”, estea xustifico ou non; (desafortunadamente) a

situación das Artes Liberais e das Ciencias Sociais é tal que os investigadores e estudantes farían mellor en adoptar e adaptarse a enfoques pragmáticos e aplicados nos seus programas de estudo e manter ao mesmo tempo a tradicional investigación seria. Con isto non pretendo suxerir que a Literatura Comparada debe transformarse nun campo de estudo exclusivamente aplicado. A miña proposta é que as Humanidades e as Ciencias Sociais presten en todo momento atención ás ocasións, enfoques e posibilidades para deseñar e executar programas de estudo baixo unha óptica pragmática para o estudo en cuestión, atendendo a que vai facer o estudante coa súa titulación no que concerne ao emprego.

Podo amosar o grao de dificultade desta proposta outra vez cun exemplo persoal. En canto editor da *Canadian Review of Comparative Literature / Revue Canadienne de Littérature Comparée* durante moitos anos, propuxen aos diversos directores do meu Departamento na Universidade de Alberta que se ofrecese un curso tanto de grao como de posgrao sobre o labor editorial en sentido amplo. A idea era empregar a revista como un espazo para o ensino e aprendizaxe de todos os aspectos da edición, incluídas a mercadotecnia, as finanzas/financiamento, etc. A proposta foi rexeitada cada vez co argumento de que un departamento dedicado á investigación non é o lugar para cuestións de edición, xa que iso suporía rebaixar os niveis profesionais e nos afastaría do ideal humboldtiano da investigación. E isto a pesar de que eu tiña probas absolutas de que moitos estudantes graduados baixo a miña dirección que traballaban para a revista como axudantes de edición atopaban empregos en editoriais nos períodos de verán ou mesmo como empregados a tempo completo, nun momento no que moitos graduados eran incapaces de conseguir un posto con posibilidades de titularidade ou a tempo parcial nos departamentos de literatura, e xa non falemos nun departamento de Literatura Comparada. Que eu saiba, hai moi poucos departamentos de literatura ou de Literatura Comparada nos que este enfoque pragmático teña sido adoptado.

Outro *violon d'ingrès* meu é a promoción *online* da investigación editorial vencellada ás Humanidades. Esta é tamén unha cuestión difícil de defender e presento os meus argumentos no traballo “The New Knowledge Management: Online Research and Publishing in the Humanities”. *CLCWeb: Comparative Literature and Culture* 3.1 (2001): <<http://clcwebjournal.lib.purde.edu/clcweb01-1/totosy01.html>>. Para dicilo brevemente, sorpréndeme continuamente a actitude negativa dos investigadores ante as

publicacións *online*. As novas xeracións de investigadores e os profesores nos inicios das súas carreiras entenden a súa importancia e valor, pero sen o apoio decidido dos profesores titulares e dos investigadores prestixiosos será só nun futuro cando as Humanidades cheguen a un recoñecemento e apoio total da publicación *online* en revistas con consello editorial de textos íntegros e –esta é a cuestión decisiva– de acceso público.

En definitiva, creo que para facer relevante o *estudo* da literatura e da cultura hoxe debemos concentrar a nosa atención no traballo contextual e baseado en probas e nunha pragmática da responsabilidade con respecto ás posibilidades de emprego dos graduados. Isto non significa que o estudo tradicional da literatura ou o estudo crítico deban verse infravalorados, senón que debemos facer ambas as cousas paralelamente. O exemplo do Departamento de Literatura Comparada da Universidade de Alberta debe facernos reflexionar: estou seguro –de feito, sei– que o que sucedeu en Alberta non é excepcional e que está a ocorrer baixo diversas formas noutros lugares.

236 Coa esperanza de favorecer a discusión sobre o que acabo de propoñer, en concreto, o desenvolvemento dun contexto intelectual e institucional para a supervivencia da disciplina da Literatura Comparada, reproduzo o “manifesto” que presentei para uns Estudos Culturais Comparados, publicado en diversas versións con anterioridade. A última é “From Comparative Literature Today toward Comparative Cultural Studies”, publicada en Steven Tötösy de Zepetnek, ed., *Comparative Literature and Comparative Cultural Studies* (259-262).

## **Dez principios para un marco dos Estudos Culturais Comparados**

O principio primeiro dos Estudos Culturais Comparados é o postulado de que no/do estudo, pedagogía e investigación da cultura –entendendo por cultura calquera actividade humana que resulte dunha produción artística– non é importante o “que” senón o “como”. Deste principio séguese o postulado construtivista (radical) da atención ao “como” e o proceso. “Comparar” non implica –e non debe implicar– unha xerarquía: no modelo comparativo da investigación e análise a cuestión estudada non é “mellor” que a outra. Isto significa –entre outras cousas que se detallan máis abaixo– que o método é de crucial importancia nos Estudos Culturais Comparados en particular e, en consecuencia, no estudo da literatura e da cultura como un todo.

O principio segundo dos Estudos Culturais Comparados é o postulado teórico e metodolóxico do movemento e o diálogo entre culturas, linguas, literaturas e disciplinas. Este é un aspecto crucial do marco, do enfoque como un todo e da súa metodoloxía. Noutros termos, a atención a outras culturas –é dicir, a perspectiva comparatista– é un elemento básico e fundador do marco. A afirmación da primacía emocional e intelectual e o subseguinte poder institucional das culturas nacionais é inaceptábel baixo esta perspectiva. Pola súa parte, a exclusión e autorreferencialidade do estudo individual dunha cultura e a consecvente rixidez na definición das fronteiras disciplinares son nocións construídas fronte ás cales os Estudos Culturais Comparados ofrecen tanto unha alternativa como un campo paralelo de estudo. Esta inclusión abrangue o outro, o marxinal, a minoría, a fronteira, o periférico e englóba tanto a forma como o contido. Porén, cómpre prestar atención ao “como” do enfoque integrador, da testemuña, da metodoloxía e da ideoloxía para non repetir os erros do eurocentrismo e a “universalización” desde un punto de vista eurocéntrico “superior”. O diálogo é a única solución.

O principio terceiro dos Estudos Culturais Comparados é a necesidade de que o investigador que traballa neste campo adquira unha base sólida en máis dunha lingua e cultura, así como noutras disciplinas antes de pasar ao estudo exhaustivo da teoría e da metodoloxía. Porén, este principio suscita problemas estruturais e administrativos nos niveis institucional e pedagóxico. Por exemplo, como pode favorecerse o desenvolvemento –tanto intelectual como institucional– desde a concentración (excluín-te) nunha cultura nacional cara aos principios integradores e interdisciplinares dos Estudos Culturais Comparados? A solución de considerar os Estudos Culturais Comparados só como unha disciplina de posgrao é problemática e contraproducente. Polo contrario, a solución é favorecer o aperturismo nos enfoques intelectuais, na estrutura institucional e na práctica administrativa.

O principio cuarto dos Estudos Culturais Comparados é a súa concentración no estudo da cultura nas súas partes (literatura, artes, cinema, cultura popular, teatro, industria editorial, historia do libro como produto cultural, etc.) e como un todo en relación con outras formas da expresión e actividade humana e con outras disciplinas nas Humanidades e Ciencias Sociais (Historia, Socioloxía, Psicoloxía, etc.). Aquí o obstáculo deriva de que a atención a outros campos de expresión e outras disciplinas de estudo resulta na ausencia dun marco teórico e metodolóxico claramente definíbel, recoñecíbel e centrado

para os Estudos Culturais Comparados. Tamén está o problema da denominación como consecuencia precisamente dos enfoques múltiples. Pola súa banda, esta falta de produtos recoñecidos e recoñecíbeis ten como resultado as dificultades da disciplina para promocionarse a si mesma dentro dos intermecanismos de recoñecemento intelectual e poder institucional.

O principio quinto dos Estudos Culturais Comparados é a súa especial atención polo inglés, baseada no impacto derivado dos Estudos Culturais estadounidenses en lingua inglesa que, á súa vez, teñen as súas raíces nos Estudos Culturais británicos con influencias do pensamento francés e alemán. Trátase dun principio no que se fusionan enfoque e metodoloxía. A atención polo inglés como medio de comunicación e acceso á información non debe entenderse como unha mostra de euro-americanocentrismo. No hemisferio occidental e en Europa, pero tamén noutras esferas culturais, a lingua inglesa tense convertido nunha lingua franca da comunicación, da investigación, da tecnoloxía, dos negocios, da industria, etc. Esta nova situación global recomenda e fai que o inglés gañe unha importancia crecente na investigación e pedagogía, incluído o estudo da literatura. En consecuencia, nos Estudos Culturais Comparados o inglés non debe representar ningunha forma de colonialismo –e se o representa, débese ignorar ou loitar co propio inglés en vez de opoñerse ao inglés– como se implica desde o principio primeiro ao terceiro. E debe quedar claro así mesmo que é o anglofalante quen, moi particularmente, necesita outras linguas.

238

O principio sexto dos Estudos Culturais Comparados é a súa atención teórica e metodolóxica á investigación e análise baseadas en probas. Este principio fai referencia aos requisitos metodolóxicos na descrición da construción do marco teórico e na selección dos enfoques metodolóxicos. Dos varios enfoques teóricos e metodolóxicos baseados en probas no estudo da cultura, a Teoría literaria e cultural, a Antropoloxía cultural, a Socioloxía do coñecemento, etc., o enfoque sistémico e empírico é quizais o que máis vantaxes e unha metodoloxía máis precisa ofrece aos Estudos Culturais Comparados. Isto non significa que os Estudos Culturais Comparados e/ou a súa metodoloxía posúan unha meta-teoría, senón que os Estudos Culturais Comparados e as súas metodoloxías son implícita e explicitamente plurais.

O principio sétimo dos Estudos Culturais Comparados é a súa atención e insistencia na metodoloxía no estudo interdisciplinar (un concepto-paraugas),

con tres clases principais de precisións metodolóxicas: intra-disciplinarietà (análise e investigación no marco das disciplinas das Humanidades), multi-disciplinarietà (análise e investigación por un investigador que se basea noutra disciplina) e pluri-disciplinarietà (análise e investigación por un equipo con participantes de diversas disciplinas). Neste último caso, un obstáculo é a habitual reticencia por parte dos investigadores en Humanidades para facer uso do traballo en equipo no estudo da cultura, incluída a literatura. Cómpre facer notar que este principio forma parte do marco e metodoloxía do enfoque sistémico e empírico á cultura (para unha proposta do traballo interdisciplinar nas Humanidades, véxase Tötösy, *Comparative Literature* 79-82).

O principio oitavo é o seu contido en contra do paradoxo contemporáneo do global fronte ao local. Hai un desenvolvemento paradoxal con relación aos movementos globais e aos enfoques intelectuais e a súa representación institucional. Por unha parte, procúrase activamente e ponse en práctica a globalización da tecnoloxía, a industria e a comunicación. Pero, por outra, prevalecen os intereses en moitos (demasiados) aspectos con relación ao local, ao racial, ao nacional, ao xénero, á disciplinarietà, etc. Para que se produza un cambio cara aos Estudos Culturais Comparados tal e como aquí se propoñen é necesario un cambio de paradigma nas Humanidades e nas Ciencias Sociais. Neste sentido, o principio oitavo implica a necesidade de traballar en contra da corrente promocionando os Estudos Culturais Comparados como un marco global, integrador e multidisciplinar nunhas Humanidades inter- e supranacionais.

239

O principio noveno dos Estudos Culturais Comparados é a súa esixencia dun compromiso vocacional por parte dos que o leven á práctica. Noutras palabras, por que estudar e traballar en Estudos Culturais Comparados? As razóns son tanto os valores intelectuais como os pedagóxicos que este enfoque e disciplina ofrece para facer posíbel o recoñecemento e integración do Outro con/polo compromiso co coñecemento profundo doutras culturas (é dicir, linguas, literaturas, etc.) en canto parámetros básicos. En consecuencia, a disciplina dos Estudos Culturais Comparados, segundo aquí se propón, expande o noso coñecemento grazas a un enfoque multidimensional baseado no rigor académico e nun coñecemento plural cunha metodoloxía precisa.

O principio décimo dos Estudos Culturais Comparados refírese á problemática situación intelectual e institucional das Humanidades en xeral. É dicir,

o principio décimo fai referencia á política da investigación e ao mundo académico. Sabemos que as Humanidades están a experimentar serias e extenuantes dificultades institucionais —e nalgúns casos intelectuais— e que como resultado disto vense máis e máis marxizadas no discurso social e público (en moitos casos, como consecuencia das súas propias prácticas). É neste contexto que se propoñen estes principios para os Estudos Culturais Comparados co obxecto de canto menos intentar limitar unha maior marxinalización e irrelevancia social das Humanidades.

Steven Tötösy de Zepetnek  
Universität Halle-Wittenberg

## Bibliografía

- Bassnett, Susan, *Comparative Literature: A Critical Introduction*, Oxford: Blackwell, 1993.
- 240 Bernheimer, Charles (ed.), *Comparative Literature in the Age of Multiculturalism*, Baltimore: The Johns Hopkins UP, 1995.
- Chevrel, Yves, *La Littérature comparée*, París: PU de France, 1997.
- , *Comparative Literature Today: Methods and Perspectives*, trad. Farida Elizabeth Dahab, Kirksville: The Thomas Jefferson UP, 1995.
- Cohen, Sande, *Academia and the Luster of Capital*, Minneapolis: U of Minnesota P, 1993.
- Dyserinck, Hugo, e Manfred S. Fischer, *Internationale Bibliographie zu Geschichte und Theorie der Komparatistik*, Stuttgart: Hiersemann, 1985.
- Eror, Gvozden, “Qu’est-ce qu’on compare en littérature comparée. L’innovation en tant que desintegration (résumé)”, *Filološki pregled*, 40.2, 2003, pp. 86-92.
- García-Berrio, Antonio, *A Theory of the Literary Text*, trad. Kenneth A. Horn, Berlin: Walter de Gruyter, 1992.
- Gilman, Sander L., *The Fortunes of the Humanities: Thoughts for after the Year 2000*, Stanford: Stanford UP, 2000.

- Giroux, Henry, *Impure Acts: The Practical Politics of Cultural Studies*, Nova York: Routledge, 2000.
- Godzich, Wlad, *The Culture of Literacy*, Cambridge: Harvard UP, 1994.
- Graff, Gerald, *Professing Literature: An Institutional History*, Chicago: U of Chicago P, 1987.
- Guillén, Claudio, *The Challenge of Comparative Literature*, trad. Cola Franzen, Cambridge: Harvard UP, 1993.
- Hall, Donald E. (ed.), *Professions: Conversations on the Future of Literary and Cultural Studies*, Urbana: U of Illinois P, 2001.
- Kamuf, Peggy, *The Division of Literature or the University in Deconstruction*, Chicago: U of Chicago P, 1997.
- Keunen, Bart, e Bart Eeckhout (eds.), *Literature and Society: The Function of Literary Sociology in Comparative Literature*, Bruxelles: P Interuniversitaires Européennes, 2001.
- Konstantinovi, Zoran, *Grundlagentexte der Vergleichenden Literaturwissenschaft aus drei Jahrzehnten*, Innsbruck: Studien, 2000.
- Kushner, Eva, *The Living Prism: Itineraries in Comparative Literature*, Montréal: McGill-Queen's UP, 2001.
- Lee, Alison, e Cate Poynton (eds.), *Culture & Text: Discourse and Methodology in Social Research and Cultural Studies*, Lanham: Rowman & Littlefield, 2000.
- Lehtonen, Miko, *The Cultural Analysis of Texts*, trad. Aija-Leena Ahonen and Kris Clarke, London: Sage, 2000.
- Mitchell, W.J.T., "Why Comparisons Are Odious", *World Literature Today*, 70.2, 1996, pp. 321-324.
- Moisan, Clément, *Le Phénomène de la littérature*, Montréal: l'Hexagon, 1996.
- Readings, Bill, *The University in Ruins*, Cambridge: Harvard UP, 1996.
- Reuben, Julie A., *The Making of the Modern University: Intellectual Transformation and the Marginalization of Morality*, Chicago: U of Chicago P, 1996.
- Simpson, David, *The Academic Postmodern and the Rule of Literature: A Report on Half-Knowledge*, Chicago: U of Chicago P, 1995.

- Sosnoski, James J., *Token Professionals and Master Critics: A Critique of Orthodoxy in Literary Studies*, Nova York: State U of New York P, 1994.
- Spivak, Gayatri Chakravorty, *Death of a Discipline*, Nova York: Columbia UP, 2003.
- Steiner, George, *What is Comparative Literature?*, Oxford: Clarendon, 1995.
- Surber, Jere Paul, *Culture and Critique: An Introduction to the Critical Discourses of Cultural Studies*, Boulder: Westview, 1998.
- Tötösy de Zepetnek, Steven, "Introduction: Reading and Readership from an International Perspective", en Steven Tötösy de Zepetnek (ed.), *International Perspectives on Reading Special Issue Reader: Essays in Reader-Oriented Theory, Criticism, and Pedagogy*, 35-36, 1996, pp. 9-11.
- , "Readership Research, Cultural Studies, and Canadian Scholarship", en Steven Tötösy de Zepetnek (ed.), *International Perspectives on Reading Special Issue Reader: Essays in Reader-Oriented Theory, Criticism, and Pedagogy*, 35-36, 1996, pp. 108-120.
- , *Comparative Literature: Theory, Method, Application*, Ámsterdam: Rodopi, 1998.
- , "From Comparative Literature Today toward Comparative Cultural Studies", *CLCWeb: Comparative Literature and Culture*, 1.3, 1999. <<http://clcwebjournal.lib.purdue.edu/clcweb99-3/totosy99.html>>.
- , "The New Knowledge Management: Online Research and Publishing in the Humanities", *CLCWeb: Comparative Literature and Culture*, 3.1, 2001. <<http://clcwebjournal.lib.purdue.edu/clcweb01-1/totosy01.html>>.
- , "From Comparative Literature Today toward Comparative Cultural Studies", en Steven Tötösy de Zepetnek (ed.), *Comparative Literature and Comparative Cultural Studies*, West Lafayette: Purdue UP, 2003, pp. 235-67.
- , "History of RICL: Research Institute for Comparative Literature, University of Alberta, 1985-1999", *CLCWeb: Comparative Literature and Culture (Library)*, 2004. <[http://clcwebjournal.lib.purdue.edu/library/riclhistory\(1985-99\).html](http://clcwebjournal.lib.purdue.edu/library/riclhistory(1985-99).html)>.
- Veeser, Aram H. (ed.), *Confessions of the Critics*, Nova York: Routledge, 1996.
- Virk, Tomo, "Comparative Literature versus Comparative Cultural Studies", *CLCWeb: Comparative Literature and Culture*, 5.4, decembro 2003. <<http://clcwebjournal.lib.purdue.edu/clcweb03-4/virk03.html>>.